

RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

Por Resolución Reitoral do 21 de abril de 2025 publicáronse as bases da convocatoria de Axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga.

Efectuada a revisión das solicitudes presentadas de cara á comprobación do cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación provisional de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga, que figura no Anexo I.

Segundo.- Consonte establece a base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación.

As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia *SXER-Emenda e mellora da solicitude* dirixida á Vicerreitoría do Campus de Ourense– Campus Auga e indicando no asunto “Programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga”.

O reitor

Anexo I

RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

SOLICITANTE	PROXECTO
Astray Dopazo, Gonzalo	Intelixencia solar en Galicia: modelos de aprendizaxe automática para a irradiación solar global mensual. Inicio do camiño cara unha transferencia tecnolóxica
De la Torre Ramos, Laura	FortranAnalyser-desenvolvemento e promoción
Dos Santos Fernandes, Helena Raquel	Novos fontes de proteína a partir de insectos mediante tecnoloxías de baixo impacto ambiental
Gómez Armesto, Antía	Demostración da eficacia en campo de <i>Solanum sisymbriifolium</i> para a eliminación de quistes do nematodo da pataca
Rodríguez Toubes Muñiz, Diego	Análise da viabilidade operativa e comercial da ferramenta Renturs
Torrado Agrasar, Ana María	Validación do proceso a escala piloto de obtención enzimática de xilooligosacáridos prebióticos (XOS) e avaliación nun alimento real